

XLII Festa da Filloa de Lestedo

Unha xornada para exaltar a sobremesa raíña do Entroido

Mañá terá lugar o Festival Filloa Rock e o domingo será o día grande das celebracións arredor desta delicia gastronómica tan galega

B.C.

Boqueixón

A XLII Festa da Filloa de Lestedo, declarada de interese turístico de Galicia, continúa co seu amplo programa de actividades para exaltar a sobremesa por antonomasia do Entroido. Tras unha semana de propostas culturais e gastronómicas, a celebración prepárase para vivir este domingo o seu día grande, destacando o gran valor gastro-

nómico desta senlleira receita elaborada con fariña de trigo, ovos, auga e sal.

Antes do día grande da Festa, mañá sábado terá lugar o Festival Filloa Folk, con actuacións, dende as 18.00 horas no Campo da Festa, da A.C. Mestre Manuel Gacio, Luz do Ilcinio, Os Meliados e Ailá.

A xornada central das celebracións, o domingo, dará comezo dende ben cedo, co acendido das máquinas filloeiras ás 8.00 horas. Xa a partir das 11.00 horas procederase á elaboración e venda

de filloas, co acompañamento musical da A.C. Mestre Manuel Gacio. A continuación terá lugar o VIII Desfile Intermunicipal dos Xenerais da Ulla.

Ás 13.00 horas a actriz María Mera será a encargada de presentar a festa e, a continuación, Isabel Pichel, directora do programa Galicia por diante Fin de semana, da Radio Galega, encargarse da lectura do pregón antes do atranque dos Xenerais. Ás 14.30 horas a formación Ibiza amenizará a festa e a continuación comezará o Cocido da Filloa no



CEDIDA

Unha das máquinas nas que se elaborarán as filloas.

Pavillón de Lestedo. Xa pola tarde, dende as 18.00 horas, os presentes pode-

rán deleitarse coa música do grupo Origen e da orquestra París de Noia.

Pastelería y Bombonería

ELENA

Tartas, pasteles, empanadas, pizzas, detalles para regalar...

ENTREGA A DOMICILIO

Travesía de Pazos, 12
T. 981 50 32 98
Lestedo - Boqueixón
www.pasteleriaelena.com

VIVEIROS GASTRAR

SEMILLEIRO HORTICOLA

www.viveirosgastrar.com

Telfs. 650 420 578 - 696 682 287 • correo@viveirosgastrar.com

Menús gastronómicos de Antroido

30€

VÍA DA PRATA RESTAURANTE

Pazos, 16 - Lestedo (Boqueixón)

MENÚ Cocido: 30€
MENÚ Pescado: 30€
Chuletón (880gr aprox): 30€
Churrasco: 20€
(todos los menús con filloas)

Filloas rellenas

Reserve o seu gran día **tel. 981 502 102**

PICO SACRO

Cooperativa Leiteira Pico Sacro, S.C.G.

Lestedo - Tel. Fax: 981 503 275 • 15881 Boqueixón (A Coruña)

Ga Sóleos San Benito

981 513 076

GASÓLEOS A DOMICILIO A, B, C

RODIÑO - BOQUEIXÓN

Garantía de calidad de servicio y de cantidad en su suministro • ¡Llámenos y le atenderemos sin compromiso!

Loterías y Apuestas del Estado

El sabor de la tradición

LESTEDO, Boqueixón • Tlf: 981 50 20 27

TARTAS LESTEDO®

www.tartaslestedo.com